



A APDR VAI PRESENTAR RECURSO CONTRA A APROBACIÓN DO ANTEPROXECTO DE PLANTA DE BIOMASA A ENCE EN LOURIZÁN

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) vai presentar recurso contra a decisión da Xunta de Galicia de aprobar o anteproxecto promovido por ENCE para a instalación dunha central de biomasa no complexo industrial de Lourizán, un anteproxecto que –segundo consta na relación publicada no DOGA do pasado día 28 de xuño- acadou a maior puntuación outorgada polo goberno galego e que desde a APDR entendemos non debeu de ter sido considerado.

Aínda que a resolución á que facemos referencia non supón a autorización administrativa para a instalación da central de biomasa en Lourizán, na APDR entendemos que a simple admisión a trámite do proxecto presentado por ENCE é absolutamente irregular.

A primeira condición que debe cumprir calquera anteproxecto é a da viabilidade, unha condición que ao noso entender non cumpre a proposta de ENCE para Lourizán. Trátase dun anteproxecto inviábel por dúas razóns fundamentais:

En primeiro lugar, porque ENCE non dispón dos terreos propostos para a instalación da central de biomasa. Difícilmente se pode xustificar a admisión a trámite dunha proposta que non pode demostrar a dispoñibilidade dos terreos. Como é ben sabido, ENCE en Lourizán dispón tan só dunha concesión en terreos de propiedade pública para a fabricación de pasta de papel.

En segundo lugar, porque ENCE non pode xustificar a viabilidade económica do proxecto; en efecto, ENCE podería aducir que dispón dos terreos en base á concesión administrativa en Lourizán, pero dificilmente se pode admitir desde a administración galega que un proxecto destas características poida ser rendíbel cando, no mellor dos casos, a concesión rematará no ano 2018.

Desde a APDR entendemos que a admisión a trámite do anteproxecto que nos ocupa, deixa ver unha vez mais a pretensión do PP de consolidar o complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán mais alá do 2018, un obxectivo que tentou coa aprobación do decreto de supramunicipalidade para a instalación dunha papeleira en Lourizán, pola vía da adscrición dos terreos fabrís no porto de Marín, ou mediante a declaración de innecesiedade dos terreos para a recuperación ambiental da zona.

Esta actitude do PP contrasta coas declaracións dos seus responsábeis públicos, que din estar polo fin da actividade de ENCE en Lourizán mesmo antes do 2018. Neste sentido, desde a APDR esiximos ao PP de Pontevedra que presente recurso contra esta decisión da Xunta e ao seu presidente local, Telmo Martín, que cumpra a súa palabra, deixe a política e esixa a dimisión da persoa que asinou a resolución publicada no DOGA.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Antón Masa